



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS EN APOIO DA NATALIDADE DO CONCELLO DE VILASANTAR.**

### **PRIMEIRO. Obxecto da subvención:**

O obxecto das presentes bases reguladoras é o establecemento de medidas económicas de apoio ás unidades familiares do concello de Vilasantar e favoreces estratexias de fixación de poboación no referido municipio, evitando así o despoboamento do rural.

### **SEGUNDO. Requisitos dos beneficiarios para a obtención da subvención:**

Serán beneficiarios desta liña de subvención aquelas persoas empadroadas no concello de Vilasantar que se convirten en país e/ou nais a través do nacemento, adopción ou acollemento dun/dunha fillo/a sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Cando menos un dos proxenitores deberá atoparse empadroado, e polo tanto residir, no concello de Vilasantar cunha antelación mínima de seis meses á data do parto ou acto de adopción ou acollemento.
- b) Os/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as deberán ser inscritos no padrón de habitantes do concello de Vilasantar.
- c) Os proxenitores, ou polo menos un deles, deberán comprometer a permanecer empadroados no concello de Vilasantar, do mesmo xeito que o seu fillo/a, durante un período mínimo de un ano tras o nacemento deste. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando os informes que procedan.

### **TERCEIRO. Forma e prazo de presentación de solicitudes:**

As solicitudes das axudas reguladas nestas bases, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (anexo I) presentaranse no rexistro xeral do Concello de Vilasantar.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do libro de familia e do DNI do solicitante.
- b) Copia do auto xudicial de adopción de selo caso.
- c) Compromiso de seguir empadroados no Concello de Vilasantar por un período mínimo de dun ano.
- d) Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

- e) Certificación dos datos bancarios para ingresar o importe da axuda, de selo caso.
- f) Autorización para a consulta dos datos persoais do padrón de habitantes do Concello ós efectos da comprobación do efectivo empadramento das persoas solicitantes.

O prazo de presentación de solicitudes será de doce meses dende o día seguinte ao que se produciu o nacemento ou acto de adopción ou acollemento.

#### **CUARTO. Procedemento de concesión da subvención:**

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das subvencións aquelas solicitudes que sexan presentadas no rexistro do concello de Vilasantar ata que se esgoten os fondos asignados. A partida orzamentaria, no caso de se esgotar ou preverse tal situación, poderá ser ampliada en consonancia coa normativa orzamentaria local.

#### **QUINTO. Criterios de valoración:**

O único criterio de valoración será a data de presentación da solicitude de axuda no rexistro do concello de Vilasantar, tendo preferencia aquelas solicitudes presentadas nun momento anterior ó esgotamento da partida orzamentaria.

#### **SEXTO. Órganos competentes para a ordenación, instrucción e resolución do procedemento de concesión da subvención**

O órgano competente para a instrucción do procedemento de subvención regulado nestas bases será o departamento de servizos sociais do concello de Vilasantar.

#### **SÉPTIMO. Fase de instrucción:**

O órgano competente para a instrucción realizará de oficio cantas actuación estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrucción comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime precisos para resolver. O prazo para a súa emisión será de 10 días, salvo que o órgano instructor, atendendo ás características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que en este último caso poida exceder de dous meses.



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

- b) Evaluación das solicitudes ou peticións, efectuadas conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nestas bases como norma reguladora da subvención ou, no seu caso, na convocatoria.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado ó que se refire o apartado 1 do artigo 22 da Ley Xeral de Subvencións deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidenta: a tenente de Alcalde ou a persoa a quen designe.
- Vogais: dúas persoas do Servizo de Asuntos Sociais e outra do persoal técnico do Servizo de Intervención.
- Secretaría ou secretario: unha o un funcionario do concello de Vilasantar, que actuará sen voto.

A comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver.
- Emitir un informe das solicitudes de subvención.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa cuantía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectua-la.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos precisos para acceder ás mesmas.

As propostas de resolución definitivas non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentras non se lle teña notificado a resolución de concesión.

## **OITAVO. Resolución:**

Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva o órgano competente resolverá o procedemento. A tal fin, o órgano copetente para esta fase do procedemento é o Alcalde ou o órgano en quen delegue.

A resolución motivarase debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

A resolución, ademáis de conter o solicitante ou relación de solicitantes ós que se lle/s concede a subvención, fará constar, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses dende a presentación da solicitude no rexistro xeral do concello de Vilasantar.

O vencemento do prazo máximo sin terse notificado a resolución legitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

## **DÉCIMO. Determinación da partida orzamentaria:**

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 231.480 ou aquela que se determine na convocatoria anual correspondente, por un importe total de ata 3.000€ (tres mil euros).

As axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo nacido, acollido ou adoptado entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso.

No caso de nacementos, acollementos ou adopcións de fillos con algunha discapacidade e teñan coñecido un grao igual ou superior ó 33% a contía da axuda poderá chegar a 1.000 euros.

## **DECIMOPRIMEIRO. Xustificación da subvención:**

A xustificación da subvención regulada nestas bases entenderase realizada coa acreditación por parte do solicitante que, unha vez emitida a resolución de outorgamento da subvención, se atopa en cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases. A tales efectos, o interesado presentará no rexistro do concello de Vilasantar unha memoria descriptiva onde se recolla o cumprimento dos requisitos para ser beneficiario e unha breve memoria económica onde se recollan gastos imputables á crianza, manutención e/ou educación do menor por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Esta memoria económica comprenderá unha relación de facturas polo importe referido así como copia compulsada ou orixinal das mencionadas facturas.

## **DECIMOSEGUNDO. Incumprimento:**

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, se for o caso, o establecido na prórroga sen que a/as persoa/s beneficiaria/s presentase/n a documentación xustificativa, o concello de Vilasantar requiriralle que a presente no prazo improrrogable de 15 días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

## **DECIMOTERCEIO. Devolución e reintegro:**



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

As subvencións concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas, entre outros, polos seguintes motivos:

Obtelas falseando as condicións requiridas

Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas

Incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

**DECIMOCUARTO. Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calesquera Administracións ou entes públicos ou privados, da Unión Europea ou de organismos internacionais:**

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas que se reciban para o mesmo fin

**DECIMOQUINTO. Normativa aplicable:**

As subvencións que outorgue o concello de Vilasantar réxense pola seguinte normativa:

- a) LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa básica de desenvolvemento.
- b) Lei de subvencións de Galicia na súa normativa de desenvolvemento.
- c) Artigos non básicos da LXS e a normativa básica de desenvolvemento.
- d) Lexislación de réxime local, estatal e autonómico.
- e) Bases de execución do Orzamento.

**DECIMOSEXTO. Recursos:**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo de 1 mes, un recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de 2 meses un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

**DECIMOSÉPTIMO. Publicidade da convocatoria:**



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

Estas bases reguladoras publicaranse no BOP e na sede electrónica do concello de Vilasantar.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOP.

## **DECIMONOVENO. Protección de datos:**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo concello de Vilasantar, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal aplicables. Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o seu consentimento.

## **ANEXO I**

### **AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE**

Nome e apelidos do solicitante:

DNI n.º:

Enderezo:

Teléfono:

Datos do cónxuxe ou parella (se é o caso):

Nome e apelidos:

DNI n.º:

Datos do fillo/a:

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

**DATOS BANCARIOS**

Caixa ou Banco:

Sucursal:

IBAN (con tódolos dixitos):



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

Titular:

DNI:

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa

Vilasantar, ... de ... do ...

Alcalde-Presidente do Concello de Vilasantar.

## **COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPLIMENTO DALGUN REQUISITO**

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

**COMPROMÉTOME**

- A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo/a e o/a meu cónxuxe ou parella, no concello de Vilasantar por un período mínimo dun ano.

- Á devolución desta axuda por si se incumprira algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Vilasantar, ... de ... do ...

Asdo.:

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Ó MARXE.**